

Programa de Educación Ambiental Adegas-Concello de Santiago 2006

INTRODUCCIÓN:

O período escolar 2005-2006 será o quinto no que Adegas en colaboración co Concello de Santiago de Compostela desenvolva o Programa de Educación Ambiental. Este proxecto é xa un programa consolidado e cun “público” fiel que participa activamente no desenvolvemento do mesmo. O Programa de EA ven facer realidade esa proposta que dende a EGEA (Estratexia Galega de Educación Ambiental) plantexa a necesidade dunha colaboración entre diversas entidades para levar adiante programas permanentes de Educación Ambiental.

Este proxecto ven a consolidar logo unha liña de traballo que pretende aportar a experiencia no traballo que Adegas desenvolveu nestes trinta anos no estudo e defensa do medio ambiente galego. Esta experiencia é levada aos centros de ensino de Santiago de Compostela mediante diversas actividades que abranguen diferentes temáticas ambientais.

O Concello de Santiago de Compostela, nomeadamente as Concellerías de Educación e Medio Ambiente, responde así a demanda da cidadanía, e dos centros de ensino, por protexer e conservar o seu patrimonio ambiental. A colaboración destas dúas entidades pretende informar e sensibilizar en canto a problemática ambiental pero tamén que estas comunicación se transforme en comportamentos ambientalmente sustentables, xa que a responsabilidade da sustentabilidade será un proxecto de construción colectiva.

O programa pretende en definitiva ser unha ferramenta máis para acadar un desenvolvemento social, económico e ambiental equilibrado.

O Programa de Educación Ambiental concíbese logo como un conxunto integrado de subprogramas e actividades a desenvolver en colaboración cos centros de ensino do concello, coa finalidade de:

-achegar a cidadanía, especialmente a comunidade educativa, as cuestións ambientais máis próximas, auga, residuos, biodiversidade, enerxía, etc sen esquecer as problemáticas planetarias.

-fomentar a responsabilidade da cidadana en referencia a estes temas e a súa participación activa na busca das solucións máis respetuosas coa conservación e protección ambiental

Presentamos a continuación O Programa de Educación Ambiental e os requisitos para participar:

O PROGRAMA

O programa vai dirixido a todos os centros escolares do Concello de Santiago, e conta con:

A) Un programa xeral de educación ambiental onde se desenvolverán algunhas das propostas, ou “temáticas claves” suxeridas xa en anos anteriores (Anexo I)

Estas actividades estruturaránse por bloques temáticos, contemplando cada bloque unha charla e un obradoiro, ou nunha charla e un roteiro pola cidade ou polo campo ou saída a un punto de interese, ETAP, EDAR, espazo verde da cidade, etc.

A exposición *25 anos de medio ambiente con Xaquín Marín*, funcionarán como os bloques, incluíndo unha charla e a exposición. A exposición vai dirixida a alumnado de secundaria.

B) Un programa específico sobre a auga e os ríos, xa que é esta a temática máis demanda dende o comezo do programa de educación ambiental. Propoñemos traballar este ano a temática da auga e os ríos por varias razóns:

- A cidade de Compostela ten unha relación moi directa coa auga tanto climatologicamente como polo Sar e o Sarela que atravesan a cidade.
- A depuración de augas é un problema ambiental no Concello ante a falla de capacidade da depuradora.
- Este curso Adegas puxo en marcha o *Proxecto Ríos* (www.proxectorios.org) no que Santiago de Compostela, como capital de Galiza, está chamada a ser unha das cidades cun maior número de participantes como así se demostrou no seu primeiro ano.

A participación no programa específico suporá a entrega de materiais didácticos específicos para a realización das actividades (Proxecto Ríos, visita a depuradora e potabilizadora), algo que se ven demandando dende os primeiros convenios polos mestres/as participantes. A realización de temáticas anuais permite o deseño destes materiais. (Anexo II)

C) Continuación do horto escolar, xa que é esta unha actividade que recolle na súa proposta varios dos temas claves expostos: biodiversidade, consumo responsable, saberes autóctonos, transformación do medio rural, etc.

SOBRE AS ACTIVIDADES:

Por razóns de índole práctica e estacional, así como por causas alleas a ADEGA, algunhas actividades solicitadas polos centros poderán non ser atendidas, substituíndose en tal caso pola seguinte actividade preferida polo

centro.

CONDICIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

As actividades ofreceranse dende ADEGA a todos os centros, que farán as solicitudes priorizando o tipo de actividade que queren. Atenderanse, por orde de solicitude, a primeira actividade demandada por cada centro até un total de 40 bloques de actividades. No caso de que a demanda non cubra todas as actividades, poderanse realizar mais dun bloque no mesmo centro, sempre que o soliciten.

As actividades comezarán a realizarse a partires do 18 de xaneiro.

Adega garantirá a realización dun total de 40 bloques.

As actividades ofreceranse a grupos de alumnos/as de 7 anos en diante.

Os obradoiros e visitas guiadas irán dirixidas a grupos dun máximo de 25 alumnos/as, dividíndose a aula en dous grupos cando o número de alumnos/as sexa superior. No caso das charlas-debate, este criterio será flexíbel, en función das condicións que ofrezca o centro. A duración estimada de cada actividade é de unha hora.

O centro correrá coa organización interna das actividades, reserva de aulas, medios de desprazamento para as visitas, etc. En cada actividade está presente polo menos un profesor/a do centro.

Todas as actividades realizaranse durante o curso académico 2005-2006 e contarán con titulados/as con experiencia en educación ambiental.

Ao final de cada actividade realizarase unha enquisa coa finalidade de recoller información sobre o programa.

No Anexo III hai unha proposta de modelo de solicitude para actividades de Educación Ambiental

Anexo I

1.-Problemáticas do medio ambiente

Contido guía das charlas-debate:

- Problemas ambientais globais
- Problemas locais
- Posíbeis solucións e/ou alternativas
- Que podes facer ti?

Obradoiro:

- Xogo de simulación: A autoestrada de Trasnoia
- Barómetro de valores

Saída:

Vertedoiro

Polígono Industrial

Cidade

2.-Residuos

Contido da charla-debate

- Residuos, consumo e impacto ambiental
- A xestión do lixo en Galiza
- A alternativa dos 3Rs
- A compostaxe caseira

Obradorios:

- Reciclaxe manual de papel
- Xoguetes con material de refugallo
- Obradorio de compostaxe
- Coñecemento e substitución de produtos tóxicos

Saída:

- Visita guiada ao vertedoiro municipal

3.- Consumo moderado

Contido guía das charlas-debate:

- Necesidades básicas e consumo superfluo
- Ecoetiquetado nos produtos
- Publicidade e consumo
- Ecoloxia no cotián

Obradoiro:

- Enquisa sobre o consumo
- Xogo cooperativo "quéresme lixo"
- Xogo de mesa sobre consumo responsábel e medio ambiente

Visita guiada:

-Visita crítica a un centro comercial

4.-Biodiversidade

Contido guía das charlas-debate:

-A biodiversidade e a súa problemática

-Especies en perigo

-Beneficios sociais da conservación da biodiversidade

-Animais domésticos en perigo

Obradoiro:

-Recoñecemento de árbores

-Realización dun viveiro de árbores autóctonas

Visitas guiadas:

-Coñecemento dun ecosistema de monte: O Pedroso

-Visita á vagoada de Vite

-Descobrinto muiños: roteiro polos ríos Aríns ou Sarela

-Roteiro pola Granxa do Xesto

-Visita ao refuxio de animais

5.- Cidades sustentábeis

Contido guía das charlas-debate:

- A cidade como ecosistema
- Percepción integral de diferentes aspectos da cidade
- A vida na cidade
- Por unha cidade sustentábel

Visitas guiadas:

- Visita pola cidade
- Os parques da cidade (Alameda, Bonaval, etc)

6.- Cambio climático

Contido guía da charla debate:

- Que é o cambio climático
- É o mesmo que o burato da capa do ozono?
- Causas e consecuencias
- Solucións: dende Kioto a tua casa

Obradorios:

- Enquisa: canto contribuímos cada un ao cambio climático?

Saída:

- Os coches e o cambio climático, investigamos?

7.- Transformación do medio rural

Contidos guía da charla-debate:

- O abandono do rural
- Consecuencias ambientais...da morte da aldea

Obradoiro:

Rural e cidade, quen precisa a quen?

Roteiro:

Compostela é mais que unha Catedral, son aldeas, lugares, cultivos, gando...

8.- Saberes autóctonos

Contidos guía da charla debate:

- Contos ao redor do lume
- Algo máis que contos, solucións a problemas ambientais dende a aldea (a compostaxe, a reutilización, a xestión da auga...)

Obradoiros:

Recuperando cultura

- plantas medicinais do Camiño de Santiago
- preguntas cara atrás; sabes fai cantos anos existe camión do lixo?, sabes

que facian antes cos restos de comida?....

-As receitas da aboa: Obradoiro de produtos lácteos

9.- Paz e seguridade humana

Contidos guía da charla-debate:

-Paz non é ausencia de guerra

-Guerras entre humanos e guerra contra o planeta: A crise ecolóxica global

-Porqué guerras? Recursos limitados, economía de guerra, cultura da violencia

-As guerras matan xente... e destrúen o medio (Consecuencias ambientais e sociais da guerra)

-Facer as paces, desde o noso día a día, entre humanos e co planeta

Obradoiro:

Video-forum: A princesa Mononoke

Saída:

Dependente de posíbeis exposicións sobre guerras, refuxiados, cooperación internacional...

Anexo II

Auga

Contidos guía das charlas-debate:

- A auga como recurso ambiental e social
- A contaminación das augas: prevención e depuración
- A auga dende a tua casa a tua escola

Obradoiro:

- O corruncho da auga no centro escolar (elaboración de depuradoras, etc)
- Xogo de simulación: (Construcción dunha central hidroeléctrica, escasez e contaminación da auga no concello)
- Ecoaudotoria da auga

Saídas:

- Visita á depuradora de augas residuais
- Visita á potabilizadora de augas residuais
- Proxecto rios(Xuntamos un folleto específico)
- Roterio pola ribeira dun río

CONTACTO ANEXO III

Responsábel do Programa Escolar de Educación Ambiental

Ramsés Pérez Rodríguez

Praza Camilo Díaz Valiño, 15 – 2ªA

15704 – Santiago de Compostela

Tfno/fax.- 981570099

Móbil.- 616238050

Correo-e: ramses@adega.info

ea@adega.info

Programa de Educación Ambiental 2005-2006

Ficha de Solicitud de Actividades

Nome do centro:

Nome do/a solicitante:

Teléfono de contacto:

Horario de contacto:

Correo electrónico:

Nivel de estudo dos alumnos/as:

Número de alumnos/as a participar na actividade:

Actividades nas que está interesada/o: (por orde de interese)

1.-

2.-

3.-

Datas preferentes:

1.-

2.-

3.-

Observacións: